

Renovación parcial bienal do consello escolar 2024

Información para as **nais e pais** do alumnado

Que é o consello escolar?	O máximo órgano de representación do centro. Ver as súas funcións máis abaixo Está constituído por 19 membros:																
	<table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 50%;">Equipo directivo</td> <td style="width: 5%; text-align: center;">3</td> <td style="width: 40%;">Representantes das nais e pais de alumnado</td> <td style="width: 5%; text-align: center;">2</td> </tr> <tr> <td>Representantes do profesorado</td> <td style="text-align: center;">7</td> <td>Representantes do alumnado</td> <td style="text-align: center;">4</td> </tr> <tr> <td>Representante do persoal non docente</td> <td style="text-align: center;">1</td> <td>Representante do Concello</td> <td style="text-align: center;">1</td> </tr> <tr> <td>Representante da Asociación de Nais e Pais</td> <td style="text-align: center;">1</td> <td></td> <td></td> </tr> </table>	Equipo directivo	3	Representantes das nais e pais de alumnado	2	Representantes do profesorado	7	Representantes do alumnado	4	Representante do persoal non docente	1	Representante do Concello	1	Representante da Asociación de Nais e Pais	1		
Equipo directivo	3	Representantes das nais e pais de alumnado	2														
Representantes do profesorado	7	Representantes do alumnado	4														
Representante do persoal non docente	1	Representante do Concello	1														
Representante da Asociación de Nais e Pais	1																
Cando se renova o Consello Escolar?	Cada dous anos. En cada elección renóvase a metade dos membros e, se é o caso, elíxense máis candidatos para cubrir as vacantes que se foron producindo nos últimos dous anos.																
Quen organiza todo o proceso?	Unha xunta electoral formada polo director e 4 persoas designadas por sorteo, representando a todos os sectores da comunidade escolar.																
Postos de representantes das nais e pais de alumnado	Na elección de 2024 renóvase 1 posto de representante das nais e pais do alumnado A persoa máis votada desempeñará o cargo no consello escolar durante 4 cursos académicos (2024-2028). <small>As persoas candidatas votadas en lugar 2 e seguintes quedan en reserva e íranse incorporando ao consello escolar a medida que se vaian producindo vacantes.</small>																
Pode ser candidato	Todas as nais e pais do alumnado do centro, sen excepción.																
Prazo de presentación de candidaturas	Desde o martes 5 ata o luns 11 de novembro, ambos inclusive.																
Lugar de presentación de candidaturas	Secretaría (solicitar o impreso e entregalo debidamente cumprimentado).																
Votación das nais e pais do alumnado	Mércores 20 de novembro (pola tarde). Cada elector pode votar, como máximo, a 1 candidato . Se vota a máis, o voto é nulo.																
Mesa electoral	Director (presidente). 4 nais e pais de alumnado designados por sorteo pola xunta electoral.																
Constitución do Consello Escolar renovado	Mércores 27 de novembro de 2024.																

Funcións do Consello Escolar

Artigo 127 da LOE, modificado pola LOMLOE

<p>a) Aprobar e avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da presente Lei [LOMLOE].</p> <p>b) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.</p> <p>c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.</p> <p>d) Participar na selección do director ou directora do centro, nos termos que a presente Lei establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director ou directora.</p> <p>e) Decidir sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeición ao establecido nesta Lei e disposicións que a desenvolvan.</p> <p>f) Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos da infancia.</p> <p>g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.</p>	<p>h) Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando por que se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais ou, no seu caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.</p> <p>i) Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e a sustentabilidade e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.</p> <p>j) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.</p> <p>k) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.</p> <p>l) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a pedimento da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.</p> <p>m) Aprobar o proxecto de orzamento do centro.</p> <p>n) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.</p>
--	---